
A Coruña en cifras Evolución 2015 - 2018


ÍNDICE

Demografía.....	4
Poboación segundo o sexo e a idade.....	4
Envellecemento.....	5
Movemento natural e movemento migratorio.....	6
Interculturalidade.....	8
Unidade de Asesoramento ás Migracións (UAMI).....	10
Educación pola Igualdade.....	13
A Coruña Educa.....	13
Outras actividades formativas.....	14
Conciliación da vida familiar e laboral.....	15
Canguraxe municipal e Programa Madrugadores.....	15
A Coruña Tardes.....	16
Campamentos e Recuncho do Xogo.....	17
Situación laboral da poboación municipal.....	18
Afiliações en alta laboral na Seguridade Social.....	18
Relación coa actividade.....	19
Evolución das taxas en relación coa actividade.....	20
Contratos.....	21
Paro rexistrado.....	22
Prestacións por desemprego.....	23
Prestacións económicas.....	24
Prestacións contributivas da Seguridade Social.....	24
Prestacións non contributivas da Seguridade Social.....	25
RISGA e AIS.....	26
Renda Social Municipal.....	27
Servizos municipais para a promoción do emprego.....	28

Xustiza Social e Coidados	30
Mobilidade urbana.....	32
Cultura.....	34
Bibliotecas municipais da Coruña.....	34
Programas de ocio no Fórum	35
Programas de ocio no Ágora.....	36
Museos da Coruña.....	37
Deportes.....	38
Participantes en actividades das Escolas deportivas municipais.....	38
Campo Municipal de Golf Torre de Hércules.....	39
Atención a grupos poboacionais específicos.....	40
Centro de Información ás Mulleres (CIM)	40
ATENPRO do CIM, CAM e PITVA.....	41
Centro de Planificación Familiar (COF).....	42
Participación cidadá.....	43
Persoal municipal.....	44
Permisos e licenzas para a conciliación familiar.....	46

DEMOGRAFÍA: POBOACIÓN SEGUNDO O SEXO E A IDADE

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN DO CONCELLO DA CORUÑA DATOS A 1 DE XANEIRO DE 2018




Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE)

■ Mulleres ■ Homes

Poboación do municipio da Coruña do 01/01/2018: **244.850**

(Mulleres: **131.237** e homes: **113.613**)



0,4% variación porcentual da poboación da Coruña
(2015-2018)

No 2015, 2016 e 2017:



Crecedemento vexetativo (nacementos-defuncións)



Movemento migratorio (inmigración-emigración)

No 2018:

Índice de envellecemento: $(\text{Pob}>64) * 100 / \text{Pob}<20 = 151,64$



Índice de sobreenvellecemento: $\text{Pob}>84 / \text{Pob}>64 = 16,28$

DEMOGRAFÍA: ENVELLECIMENTO

O **índice de envellecemento** fai referencia á capacidade de renovación xeracional. A maior valor do índice, menor capacidade de renovación xeracional. Este ano é superior ao ano anterior en homes e en mulleres. Por cada 152 maiores de 64 anos hai 100 menores de 20.

O **índice de sobreenvellecemento** é o cociente entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos, expresado en tanto por cento. Indica cantas persoas maiores de 84 hai por cada cen maiores de 64. Este ano o índice é de 16,28, mentres que en 2015 era de 14,75.

Este incremento do envellecemento é consecuencia da redución da taxa de natalidade, que diminúe por motivos sociais e económicos característicos das novas xeracións. E tamén polo aumento da calidade de vida das persoas de maior idade.



DEMOGRAFÍA: MOVEMENTO NATURAL E MOVEMENTO MIGRATORIO

Nacementos segundo a idade da nai (grupos quinquenais)								
A Coruña	Total	<20 anos	20-24	25-29 anos	30-34	35-39	40-44	45 e máis
2015	1.907	21	64	213	649	720	222	18
2016	1.826	21	78	184	588	725	213	17
2017	1.798	28	78	186	525	737	225	19

Fonte: IGE

No ano 2017, rexistráronse 1.798 nacementos e 2.512 defuncións, de xeito que continúa o saldo vexetativo negativo (-731) e acentúase a tendencia nos últimos anos polo descenso da natalidade.

Por outra banda, a esperanza de vida ao nacer permanece estable nos últimos anos.

Movemento natural	2015	2016	2017
Nacementos	1.907	1.826	1.798
Defuncións	2.475	2.558	2.544
Saldo vexetativo	-568	-732	-746



Fonte: IGE

Esperanza de vida ao nacer	2015	2016	2017
Ambos os sexos	83,44	83,24	83,41
Home	80,22	80,07	80,34
Muller	86,2	85,97	86,02

Fonte: IGE

Baixa o núm. de nacementos e o núm. de nacementos por muller ao longo da súa vida (1,1)


Baixa a taxa bruta de natalidade 2015-2017: de 7,91 a 7,34 nacementos por 1000 habitantes



Aumenta a idade media da primeira maternidade: 32,3 anos (ano 2016)

Aumenta a porcentaxe de nais non casadas: o 45% (ano 2016)

Evolución saldo migratorio e saldo vexetativo



Fonte: IGE

DEMOGRAFÍA: MOVEMENTO MIGRATORIO

No ano 2017 emigraron 7.376 persoas residentes no concello e viñeron 9.466 de fóra. **Non hai gran diferenza por sexo nos movementos migratorios.** As mulleres inmigrantes (52%) superan a cifra de homes, tanto de procedentes de España como do estranxeiro. No caso da emigración a distribución é similar (50%), superada unicamente polos homes que proceden doutras CC.AA.

Continúa a producirse un saldo migratorio positivo, 2.090 persoas no ano 2017, o que supón un notable incremento con respecto aos anos anteriores (no 2016 foi de 559 persoas), debido fundamentalmente á inmigración procedente do estranxeiro. Deste saldo positivo de 2.090 persoas, 907 (43%) correspóndense coa mocidade con idades entre os 16 e 29 anos.

Movements migratorios. Concello da Coruña 2017											
INMIGRACIÓN	Total	Homes	Mulleres	EMIGRACIÓN	Total	Homes	Mulleres	SALDO	Total	Homes	Mulleres
Total	9.466	4.550	4.916	Total	7.376	3.664	3.712	Total	2.090	886	1.204
Interna (Galicia)	4.382	2.106	2.276	Interna	4.514	2.203	2.311	Interno (Galicia)	-132	-97	-35
Externa	5.084	2.444	2.640	Externa	2.862	1.461	1.401	Externo	2.222	983	1.239
<i>doutra CC.AA.</i>	2.231	<i>1.104</i>	<i>1.127</i>	<i>a outra CC.AA.</i>	2.163	<i>1.114</i>	<i>1.049</i>	<i>con outra CC.AA.</i>	68	-10	78
<i>do estranxeiro</i>	2.853	<i>1.340</i>	<i>1.513</i>	<i>ao estranxeiro</i>	699	347	352	<i>co estranxeiro</i>	2.154	993	1.161


Fonte: IGE

Evolución dos movementos migratorios co estranxeiro										
Inmigración do estranxeiro	2014	2015	2016	2017	Emigración ao estranxeiro	2014	2015	2016	2017	
Total	10.377	12.094	15.736	19.078	Total	10.292	10.714	10.787	11.869	
Homes	5.281	6.039	7.811	9.257	Homes	5.712	5.780	5.779	6.595	
Mulleres	5.096	6.055	7.925	9.821	Mulleres	4.580	4.934	5.008	5.274	

Por outra banda, a poboación inscrita no concello pero residente no estranxeiro, segundo o “Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE)”, foise aumentando nos últimos anos e pasou de 30.142 no ano 2015 a 32.816 no ano 2018. A distribución por sexo continúa a ser equitativa, sen sobrepór a diferenza 40/60, pero a balanza permanece, xa que no 2015, o 50.7% eran mulleres e no 2018 son o 50,6%.

DEMOGRAFÍA: INTERCULTURALIDADE

Poboación estranxeira. Evolución 2015-2018



Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE)


Poboación estranxeira do municipio da Coruña o 1/01/2018: **11.624** (Mulleres: **5.972** e homes: **5.652**). Isto supón un **4,7%** da poboación total do municipio da Coruña.

↑ **8%** poboación **total** estranxeira da Coruña (2015-2018)

↑ **12%** **mulleres** estranxeiras da Coruña (2015-2018)

↑ **4,38%** **homes** estranxeiros da Coruña (2015-2018)

Principais nacionalidades da poboación estranxeira. Datos do 01/01/2018




Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE)

É preciso destacar que estes datos poden non reflectir con exactitude a realidade da cidade, posto que existe unha poboación estranxeira flotante non empadroada nin cuantificada, ao tempo que outra poboación nacida no estranxeiro ten xa adquirida a nacionalidade española.

Observando as principais nacionalidades, a maior parte da poboación estranxeira é de **mulleres (51%)**. Mais cabe sinalar que existen nacionalidades como a de Senegal, na que hai unha gran maioría de homes: 83% de homes e 17% de mulleres.

Poboación estranxeira segundo os principais continentes. Datos do 01/01/2018



Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE)


DEMOGRAFÍA: INTERCULTURALIDADE

A maior parte da poboación estranxeira procede de América (**49%**), principalmente do sur. Isto pode explicarse pola proximidade lingüística, pero tamén cultural, xa que moitas das persoas procedentes de América do Sur son descendentes de persoas emigrantes galegas, de modo que hai vínculos sociais e culturais que unen as diferentes poboacións. Ademais, a presenza das mulleres é superior en todas as nacionalidades de América do Sur (50-65%); cabe especial mención a Paraguai, na que o 82% son mulleres.

Por outra banda, na poboación estranxeira procedente de Europa tamén destacan as mulleres na maioría das nacionalidades (54-59%), especialmente a procedente de Polonia, cun 77% de mulleres.


No mapa seguinte represéntase o número de persoas estranxeiras por sección censual do Concello da Coruña.

As zonas onde hai unha maior presenza de poboación estranxeira correspóndense con: Pescarías, Orzán, Labañou, San Pedro de Visma, Agra do Orzán e Sagrada Familia.




UNIDADE DE ASESORAMENTO ÁS MIGRACIÓNS (UAMI)

A **Unidade de Asesoramento ás Migracións (UAMI)** do Concello da Coruña encárgase de lle ofrecer orientación, apoio e asesoramento xurídico, social e laboral á poboación migrante.



No 2018 destaca o número de persoas atendidas no ámbito de asesoramento social. Por outra banda, o número de mulleres e homes atendidos está bastante equilibrado en todos os ámbitos.

Persoas atendidas para información e asesoramento (UAMI). Evolución 2015-2018



Fonte: Concello da Coruña. Área de Igualdade e Diversidade

O 80% das persoas usuarias da UAMI son inmigrantes, o 19% emigrantes retornadas e o 1% son de nacionalidade española.


No período 2015-2018:

- ↓ **4%** as persoas atendidas para información e asesoramento laboral
- ↓ **8%** as persoas atendidas para información e asesoramento xurídico
- ↑ **27%** as persoas atendidas para información e asesoramento social

UNIDADE DE ASESORAMENTO ÁS MIGRACIÓNS (UAMI)

Motivos das consultas do ámbito xurídico (UAMI).


Datos do 01/01/2018



Fonte: Concello da Coruña. Área de Igualdade e Diversidade

Motivos das consultas do ámbito social (UAMI).


Datos do 01/01/2018



Fonte: Concello da Coruña. Área de Igualdade e Diversidade

Motivos das consultas do ámbito laboral (UAMI).

Datos do 01/01/2018




Fonte: Concello da Coruña. Área de Igualdade e Diversidade

Neste exercicio o número de persoas usuarias atendidas foi de **1.200**, 97 máis que o ano anterior, o que supuxo un incremento do 9%, das cales, aproximadamente, a metade son mulleres.

O número de consultas individuais foi de **1.756**, o que supuxo un incremento do 4% con respecto ao ano anterior. Na súa meirande parte, consultas vinculadas ás autorizacións de residencia temporal e comunitaria, ademais de reagrupamentos familiares.

Segundo a procedencia da poboación inmigrante, a maior porcentaxe procede de América (84%), e dentro deste colectivo o primeiro país de procedencia é Venezuela (18%).

UNIDADE DE ASESORAMENTO ÁS MIGRACIÓNS (UAMI)



O **Club de emprego** está dirixido a persoas inmigrantes e/ou emigrantes retornadas, onde disporán das ferramentas e a orientación necesaria para realizaren unha procura activa de emprego.

No ano 2018 tivo **1.274** visitas (40% de mulleres e 60% de homes). Por franxas de idade a distribución destas visitas foi: 20% menores de 29 anos, 40% de 30 a 44 anos, 39% de 45 a 64 anos e 1% maiores de 65 anos.

No período 2015-2018:

- ↑ **19%** o número total de participantes en accións formativas
- ↑ **9%** as mulleres participantes en accións formativas
- ↑ **26%** os homes participantes en accións formativas

No 2018 as accións formativas con maior participación foron:

Manipulación de alimentos (120 participantes, 67 homes e 53 mulleres), Apps de emprego (86 persoas, 57 homes e 29 mulleres), Busca de emprego (73 participantes, 47 homes e 26 mulleres), Sesión informativa CMIX (58 persoas, 40 homes e 18 mulleres) e Sesión informativa OMIC (56 participantes, 34 homes e 22 mulleres).

A **Escola Intercultural de apoio educativo e promoción social** axuda no estudo, ofrécelles apoio cos deberes e coa aprendizaxe dos idiomas ás persoas menores migrantes, ás veces realizando actividades e saídas educativas. Nesta escola o número de prazas está sempre cuberto (48 menores). O número total de menores que pasou pola escola ao longo do ano 2018 foi de 62 (20 nenas e 42 nenos) e con respecto á súa procedencia, en máis do 60% foi de Senegal e Marrocos. O número de menores en lista de agarda ao rematar o ano foi de 39.

EDUCACIÓN POLA IGUALDADE: A CORUÑA EDUCA

A Coruña Educa é un conxunto de programas formativos dirixidos ao alumnado e profesorado de todos os niveis educativos. Estes programas abranguen diferentes temáticas, tales como educación ambiental, educación para o consumo, deporte, linguas, diversidade, saúde, telecomunicacións, matemáticas, actividades culturais, bolsas no estranxeiro, educación en valores, prevención de drogodependencias, literatura, educación viaria e outras accións formativas.

Educación pola Igualdade é un programa educativo que se enmarca dentro de “A Coruña Educa” que conta con obradoiros de diferentes temáticas: “Igualdade e diversidade”, “Prevención de violencia de xénero e novas masculinidades” e “Educación afectivo-sexual”. Estes obradoiros promoven valores e actitudes igualitarias, non discriminatorias, que axudan a sentar as bases da convivencia en igualdade.


No período 2015-2018 a participación media foi de:

821 persoas nos obradoiros de “Igualdade e diversidade”


1.993 persoas nos obradoiros de “Prevención de violencia de xénero e novas masculinidades”

827 persoas nos obradoiros de “Educación afectivo-sexual”

A participación nos obradoiros de “Prevención de violencias de xénero e novas masculinidades” descende de 2017 a 2018 debido a que, aínda que o número de centros educativos participantes se mantén estable, o número de grupos participantes diminúe. Un dos motivos podería ser a existencia dunha grande oferta en actividades extracurriculares existente entre os programas A Coruña Educa e os programas doutras entidades e administracións públicas.





EDUCACIÓN POLA IGUALDADE: OUTRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS



No ano 2017 comezaron a facerse contacontos teatrais nas bibliotecas municipais, dirixidos as nenas e nenos de 3 a 8 anos. Estes contacontos trataban diferentes temas, entre eles, igualdade entre mulleres e homes, prevención de abusos sexuais e diversidade familiar. Aumentou nun **13%** a participación de 2017 a 2018.


No 2018 comezaron as charlas sobre VIH-Sida, que se levaron a cabo nos centros educativos cunha participación total de **261** persoas (185 mulleres e 76 homes)

Tamén no 2018 comezou a súa andaina a Escola de Empoderamento Feminista e leváronse a cabo un total de 18 obradoiros nas dúas edicións que tiveron lugar, cun total de **212** persoas participantes.



CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL: CANGURAXE MUNICIPAL E PROGRAMA MADRUGADORES

Menores atendidas/os polo servizo de Canguraxe municipal. Evolución 2015-2018



Fonte: Concello de A Coruña. Área de Igualdade e Diversidade

No período 2015-2018:


↑ **20%** as/os menores atendidas/os nos “Espazos de atención á infancia”

↑ **21%** as/os menores con “Atención a domicilio”

↑ **97%** as/os menores participantes en “Ludoteca coeducativa”

O incremento das e dos menores participantes na ludoteca coeducativa en 2018 é debido á reconversión dun espazo de atención á infancia do Centro Cívico de Monte Alto en ludoteca coeducativa. Amplíase o seu uso tamén para a conciliación persoal, é dicir, para as persoas que realizan actividades de ocio e tempo libre.

Media do alumnado con servizo de almorzo ao mes. (Programa Madrugadores. Evolución 2015-2018)



Fonte: Concello da Coruña. Área de Educación


O programa “**Madrugadores**” ofrece un servizo de protección, vixilancia e almorzo a escolares dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello da Coruña. O servizo préstase polas mañás, antes do comezo das clases e nos días lectivos.

No período 2015-2018:

↑ **58%** a media de alumnado con servizo de almorzo ao mes.

Obsérvase que nos últimos anos a demanda deste servizo vai en aumento.

CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL: A CORUÑA TARDES



No 2018 participaron:

446 alumnos/as (218 nenas e 228 nenos) no programa **“Cóxegas”**

2.517 alumnos/as (1.503 nenas e 1.014 nenos) no programa **“Deporte no centro”**

1.245 alumnos/as participantes no **“Programa de Ocio educativo”**

68 alumnos/as participantes no programa **“Luditarde”**

Do “Programa de Ocio educativo” e “Luditarde” non contamos con datos desagregados por sexo.

A Coruña Tardes é un conxunto de programas que se desenvolven nos propios centros públicos da cidade, favorecendo así a conciliación da vida laboral, social e familiar. Está formado por:

“Cóxegas” é un programa educativo de fomento da conciliación familiar e laboral para familias con fillos e fillas escolarizados en centros públicos, no tempo extraescolar, durante os períodos nos que as ANPA non desenvolven actividades extraescolares (setembro e xuño).


“Deporte no centro” é un programa que pretende o desenvolvemento integral da persoa a través da práctica de actividades físico-deportivas. Estas prácticas realizaranse nos centros educativos, sempre que os espazos sexan axeitados a cada tipo de actividade.

“Programa de Ocio educativo” é un programa multidisciplinar estruturado en cinco obradoiros que posibilitan unha formación integral co xogo como principal ferramenta de intervención educativa.

O programa **“Luditarde”**, baixo o principio e a pedagogía do lecer e o xogo, realiza actividades relacionadas cun centro de interese urbano, ligado a temas transversais (educación viaria, para a paz, para a saúde, medio ambiental, cívica...) ou a algunha situación relevante, a partir dos cales se desenvolven as áreas de contidos: animación á lectura, animación teatral, lóxica matemática-xadrez, expresión artística, musical, actividades motrices e /ou deportivas e novas tecnoloxías.

CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL: CAMPAMENTOS E RECUNCHO DO XOGO

Participantes nos campamentos urbanos nos centros cívicos municipais. Datos do ano 2018




Fonte: Concello da Coruña. Área de Xustiza Social

O número total de participantes nos campamentos urbanos que teñen lugar nos centros cívicos municipais foi de **3.182** persoas en 2018. A maior participación prodúcese nos de verán (73%) e nos de día (13%).

Os **Campacoles** tiveron lugar en 7 centros educativos e contaron con **1.424** participantes. Este programa conta con servizo de madrugadores e comedor para dar resposta ás necesidades de conciliación familiar.


O **Recuncho do Xogo** axuda á conciliación familiar durante a Semana Santa e ofrécelles actividades lúdicas nos centros cívicos municipais aos nenos e nenas de 4 a 12 anos. En 2018 tivo **349** participantes.

Participantes en Campacoles verán. 2018




Fonte: Concello da Coruña. Área de Educaicón

Participantes no programa Recuncho do Xogo de Semana Santa. Evolución 2015-2018



Fonte: Concello da Coruña. Área de Xustiza Social

SITUACIÓN LABORAL: AFILIACIÓN EN ALTA LABORAL NA SEGURIDADE SOCIAL



As mulleres constitúen un colectivo maior de persoas en alta laboral, dende decembro de 2010 por efecto da crise na que se perdeu máis emprego nos homes debido ao impacto en ocupacións moi masculinizadas.



Nestes últimos anos (2015-2018), nos que se iniciou a recuperación, o incremento de afiliacións é maior nos homes e aumentou en 2482 (6.3%) e nas mulleres 2363 (5,6%). As idades en que descendeu o número de afiliacións foi na de 25 a 39 anos.

Incremento porcentual afiliacións 2015-2018

HOMES
6,3%



MULLERES
5,6%





SITUACIÓN LABORAL: RELACIÓN COA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE - A porcentaxe de persoas no mercado laboral, sexa traballando ou buscando emprego, aumentou nas mulleres ata o ano 2017.

OCUPACIÓN - No mesmo período aumentou a porcentaxe de persoas ocupadas en ambos os sexos, cun pequeno descenso durante o 2018.

PARO - A porcentaxe de persoas activas en paro diminúe, pero o descenso do paro foi maior nos homes que nas mulleres.




As mulleres presentan unha menor taxa de actividade (porcentaxe de maiores de 16 anos que traballan ou están procurando emprego) e tamén maior taxa de ocupación que os homes (porcentaxe de maiores de 16 anos traballando). Aínda así, teñen unha maior taxa de paro.

A saída do mercado laboral dos homes compenseuse co incremento por parte das mulleres. Tamén aumentou a porcentaxe na ocupación en maior medida nas mulleres nestes anos, non obstante o descenso na taxa de paro foi maior nos homes.

SITUACIÓN LABORAL: EVOLUCIÓN DAS TAXAS EN RELACIÓN COA ACTIVDADE

Evolución taxa de actividade por sexo 2015-2018



Fonte: Enquisa de Poboación Activa-EPA. (IGE)


Evolución das taxas no período 2015-2018

Taxa de actividade-. Aumentou nas mulleres de 49,1% ata 53,7% no ano 2017. Nos homes baixou de 59,8 % no 2015 ata 58,1 % no 2018.

Taxa de ocupación-. Incrementouse en ambos os sexos, con maior intensidade nas mulleres (3,8 puntos) que nos homes (0,5 puntos).


Taxa de paro-. Baixou en ambos os sexos, pero o descenso do paro foi maior nos homes, polo tanto acrecentouse a diferenza neste período.

Evolución Taxa de Ocupación por sexo 2015-2018



Fonte: Enquisa de Poboación Activa-EPA. (IGE)

Evolución Taxa de Paro por sexo 2015-2018



Fonte: Enquisa de Poboación Activa -EPA. (IGE)



SITUACIÓN LABORAL: CONTRATOS

A distribución do número de contratos por sexo non presenta grandes diferenzas, sitúase nun abano entre o 48% e o 52%.

Nos contratos rexistrados nos centros de traballo do municipio, o 4% son de conversión a indefinidos e o 96% iniciais.

Nos iniciais, tanto nos realizados nos centros de traballo do municipio como nos realizados a persoas residentes, o 93% son temporais.

O número de contratos foi en aumento no período 2015-2018. A diferenza por sexo móstrase na xornada, cunha maior contratación a tempo parcial nas mulleres, co 60% dos contratos. Nos de tempo completo, a relación é inversa: os destinados a mulleres constitúen o 43% contratos.




CONTRATOS INICIAIS			
	Sexo	Centros de traballo no municipio	Residentes no municipio
Distribución (nº) 2018	Homes	62.432	56.009
	Mulleres	67.299	50.879
Distribución (%) 2018	Homes	48,1	52,4
	Mulleres	51,9	47,6
Nº incremento 2015-2018	Homes	9.548	11.602
	Mulleres	10.511	8.496
% Incremento 2015-2018	Homes	18,1	26,1
	Mulleres	18,5	20

Fonte: SPEE

Outra diferenza por sexo é a actividade económica na que se contrata as persoas: na construción e na agricultura/pesca o 94% dos contratos corresponden a homes e na industria o 68%, mentres que nos servizos o 51% dos contratos foron a mulleres. Por idade incrementouse o número de contratos nos tres grupos de idade (16-34, 35-54 e máis de 55 anos). Por nivel de formación a distribución é similar entre homes e mulleres, aínda que nos contratos de titulación superior o 58% son a mulleres e nos de estudos primarios o 58% son a homes.

SITUACIÓN LABORAL: PARO REXISTRADO

Evolución do paro rexistrado 2015-2018



Fonte: SPEE


Período 2015-2018

O paro rexistrado baixou en 3.530 persoas (-17%) no período 2015-2018, de xeito menos intenso nas mulleres, con -1.624 (-14%) que nos homes con -1.906 (-19,9%).

En relación coa poboación de 16-64 anos, a **taxa do paro rexistrado (porcentaxe de persoas en paro en relación coa poboación de 16-64 anos) baixou 2,4 puntos porcentuais nos homes e 1,8 nas mulleres.**

Por idade, baixou en todos os grupos menos nos extremos, de 16 a 20 e de 60-64 anos. **O maior descenso produciuse no intervalo de 30 a 44 anos.**

Distribución por sexo segundo grupos profesionais. Media 2018



A distribución por sexo e grupo profesional apenas presenta variacións.

As actividades económicas nas que máis baixou o paro nestes últimos catro anos foi no comercio, na construción, industria é tamén nas actividades administrativas e servizos auxiliares, actividades profesionais e científicas, e técnicas, información e comunicacións.

Baixou en maior medida para os homes en case todas as actividades, incluso no comercio.

SITUACIÓN LABORAL: PRESTACIÓNS ECONÓMICAS POR DESEMPREGO



Aínda que as cifras son similares por sexo, teñen prestación o 42% das mulleres rexistradas no paro e o 49% dos homes.

PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO	2015		2018	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Total prestacións	4.529	4.320	3.739	3.942
Contributiva	1.978	1.970	1.850	1.894
Asistencial	1.939	1.782	1.452	1.541
Renda activa de inserción (RAI)	589	530	436	507




Fonte: SPEE

As prestacións económicas por desemprego tiveron un descenso nestes últimos anos. Igual que baixou o paro en maior medida nos homes, tamén se reduciron neles en maior medida as prestacións.

Nos diferentes tipos de prestacións, o descenso foi maior nos homes, sobre todo nas asistenciais.



PRESTACIÓNS ECONÓMICAS: PRESTACIÓNS CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL




As clases de prestacións contributivas da Seguridade Social con maior número de persoas receptoras son a xubilación (65%), a viuvez (25%) e incapacidade permanente (7%). Cabe sinalar que no período 2016-2019 incrementáronse un **4,9%** a xubilación e un **1,4%** a viuvez.

Analizando a distribución das persoas receptoras destas prestacións segundo o sexo destaca a porcentaxe feminina presente na viuvez (**91%**) e no favor familiar (**72%**) e obsérvase no resto dos casos un certo equilibrio. Os datos da pensión media amosan a fenda salarial existente nas persoas xubiladas, posto que os homes reciben un 52% máis que as mulleres. Isto é debido a unha menor cotización na Seguridade Social por parte das mulleres. No caso da viuvez sucede o contrario, é maior a pensión das mulleres nun 31%.


PRESTACIÓNS ECONÓMICAS: PRESTACIÓNS NON CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL

Persoas receptoras de prestacións non contributivas segundo o sexo. Datos do 01/03/2019




Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Política Social

Persoas receptoras de prestacións non contributivas segundo a tipoloxía. Evolución 2016-2019



Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Política Social

Pensión media das prestacións non contributivas. Datos do 01/03/2019




Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Política Social

No período 2016-2019 diminuíron o 10% as persoas receptoras da prestación por invalidez e o 4% por xubilación.

O número de mulleres receptoras de prestacións non contributivas é maior que o de homes e destaca a diferenza existente na xubilación (o **75%** son mulleres, mentres que o **25%** son homes). Isto débese principalmente a que as mulleres ao longo da historia tiveron máis dificultades de acceso ao mercado laboral, por isto cotizaron menos e, en consecuencia, non perciben prestacións contributivas e precisan prestacións non contributivas.

A pensión media das prestacións non contributivas é de **400 €** por invalidez e de **369 €** por xubilación. Os homes teñen unha pensión media máis alta en ambos os casos e a maior diferenza é na xubilación.

PRESTACIÓNS ECONÓMICAS: RISGA E AIS



A **Renda de Integración Social de Galicia (RISGA)** é unha prestación económica asistencial que trata de lle garantir un mínimo de subsistencia persoal á cidadanía entre 25 e 65 anos que, aínda que teñan idade laboral e non teñan causa legal de incapacidade física ou psíquica, non teñen os recursos mínimos necesarios para cubriren as necesidades máis urxentes. Pretende a reinserción social e laboral das persoas.


No período 2016-2019 aumentaron as persoas receptoras da RISGA nun **11%**:



16% de mulleres receptoras de RISGA

2% de homes receptores de RISGA

No 2019 a pensión media (RISGA) é de **441,96 €**, diminuíu con respecto ao ano anterior pero aumentou con respecto ao 2016, que era de **438,49 €**. En canto ao sexo, as mulleres teñen unha pensión media máis alta (**459,76 € as mulleres e 416,41 € os homes**).



As **Axudas de inclusión social (AIS)** son prestacións económicas, non contributivas, de carácter extraordinario e pagamento único, destinadas a paliar situacións de emerxencia de persoas con fogares independentes afectados por un estado de necesidade.

No período 2015-2018 diminuíron as persoas receptoras da AIS nun **58%**:




62% de mulleres receptoras de AIS


53% de homes receptores de AIS

No 2018 a pensión media (AIS) era de **969,81 €**. Esta reduciuse un **14%** desde 2015. De novo, as mulleres teñen unha pensión media máis alta (**1.023,24 € as mulleres e 918,76 € os homes**).

PRESTACIÓNS ECONÓMICAS: RENDA SOCIAL MUNICIPAL




A **Renda Social Municipal** é unha prestación económica destinada a paliar situacións temporais de necesidade e garantirilles uns recursos mínimos de subsistencia aos veciños e ás veciñas da Coruña. Está dirixida a todas aquelas persoas en situacións ou risco de exclusión social, con dificultades para cubrir as súas necesidades básicas. Púxose en marcha en 2016.

Entre 2017 e 2018 as persoas titulares desta prestación aumentaron nun  **62%**, e é maior o número de homes titulares. No ano 2018 foron 304 persoas as titulares da Renda Social Municipal (56% homes e 44% mulleres).

SERVIZOS MUNICIPAIS PARA A PROMOCIÓN DO EMPREGO

As políticas municipais de apoio á procura de emprego lévanse a cabo principalmente dende a Área de Emprego e Empresa.

A información e orientación laboral, fase xeralmente inicial das accións, foi recibida por máis de 3.000 persoas, un 45% mulleres. Esta acción pode derivar á oferta doutras medidas para a cidadanía destinadas á procura de emprego e mellora da empregabilidade. As medidas postas en marcha con esta finalidade presentan variación nestes anos. Hai menos formación ocupacional de oficios, pero aumentaron os proxectos integrais que inclúen variadas medidas, adaptadas segundo as diferentes necesidades e perfís das persoas participantes e ofrecen unha meirande flexibilidade nas actuacións para a mellora da empregabilidade. Organízanse grupos e itinerarios persoais que poden incluír orientación, motivación, formación nalgunha ocupación ou complementaria a elas e tamén practicas profesionais. Hai unha maior participación das mulleres neste tipo de proxectos.



O paro que lles afectou aos homes nos anos da crise tivo repercusión no incremento da súa porcentaxe como participantes nas accións de emprego.


Ao mesmo tempo, o descenso de participantes vincúlase ao descenso do paro en xeral.

Participantes en accións para o emprego					
	2015	2016	2017	2018	% Variación 2015_2018
Total	5.543	4.666	4.982	4.588	-17,2
Homes	2.707	2.177	2.571	2.520	-6,9
Mulleres	2.836	2.489	2.411	2.068	-27,1
% mulleres	51,2	53,3	48,4	45,1	

Fonte: Concello da Coruña. Área de Emprego e Empresa
(unha persoa pode participar en varias accións)

A formación é importante para a procura de emprego. Impartíronse, entre os diferentes proxectos, uns 83 cursos cun total de 13.424 horas de formación. O alumnado asistente aos cursos suma un total de 1179 persoas, que se distribúen nun 58% de homes e 42% de mulleres.

Participación en formación para o emprego 2018					
	Cursos	Horas	Homes	Mulleres	Total
Apoio a inserción	33	1.254	219	288	507
Formación Sección Emprego	21	4.539	239	31	270
Obradoiro de emprego	3	2.400	22	10	32
Proxecto Posto a Posto	9	665	52	52	104
Proxecto Coruña Emprega	8	2.426	57	54	111
Proxecto Emprego Xove	9	2.140	93	62	155
Total	83	13.424	682	497	1.179




Outra vía para a vida laboral é a creación de empresa ou traballo por conta propia. Aos asesoramentos grupais para creación de empresa, asistiron no ano 2018 unhas 250 persoas, delas 138 mulleres (55%). Nos asesoramentos individuais: 149 persoas, con 88 mulleres (59%).

Hai una maior porcentaxe de mulleres que acode ao asesoramento para a creación de empresa, nunha marxe equilibrada, sen superar o 60%, pero na asistencia á formación foron o 69%.



Asesoramentos para a creación de empresa ou autoemprego						
	2017			2018		
	H	M	Total	H	M	Total
Asesoramentos grupais	75	123	198	112	138	250
Asesoramentos individuais	89	105	194	61	88	149

Fonte: Concello da Coruña. Área de Emprego e Empresa



XUSTIZA SOCIAL E COIDADOS


A cifra de persoas usuarias dos recursos sociais dos servizos de Xustiza Social e Coidados tivo nestes anos un descenso, máis acentuado no período de 2015 a 2016. Nos últimos catro anos pasaron de 7.804 a 5.455, cun descenso do 30%. A pequena recuperación tras a crise tivo efectos na demanda de axudas, que se mostra tamén no descenso delas.



No ano 2018, entre os 28 tipos de medidas sociais aplicábeis nos servizos de Xustiza Social e Acción Social, as máis frecuentes foron as axudas económicas públicas de pagamento único, 2.171, das que 1.292 (60%) foron solicitadas por mulleres. No segundo lugar, 1.626 axudas económicas públicas periódicas, destinadas o 55% a mulleres. Séguenlle as 886 axudas relacionadas coa falta de autonomía persoal (60% a mulleres) e as 887 de centros, programas e actuacións de Inserción Social nas que a distribución por sexo é máis equilibrada (52% de mulleres).

En xeral, as mulleres son o 60% nas prestacións destes recursos. Soamente no caso das pensións non contributivas e nos servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal, os homes constitúen o 50%.


Persoas beneficiarias de recursos sociais por sexo e tipo de recurso



Fonte: Area Xustiza Social e Coidados


MOBILIDADE URBANA

**Persoas usuarias do Servizo Bicicoruña.
Evolución 2015-2018**




Fonte: Empresa Municipal de Vivenda. Servizos e Actividades (Emvsa)

Bicicoruña é un sistema que che permite desfrutar do teu contorno usando as bicicletas que o concello pon ao teu dispor en distintos puntos da cidade e que che permite desprazarte cómoda e saudablemente.

No período 2015-2018 aumentou un  **5%**.

A proporción de persoas usuarias foi bastante estable ao longo dos anos. No último ano, 2018, o **48%** das persoas usuarias eran mulleres, mentres que o **52%** eran homes.


**Persoas pasaxeiras nos distintos medios de transporte .
Evolución 2015-2018**





Fonte: Os datos do Porto proceden de Autoridade Portuaria, os do Aeroporto de Aena e os da Estación de Autobuses do Concello da Coruña.

O número de persoas usuarias do Porto da Coruña correspóndese coas usuarias dos cruceiros e do tráfico interior turístico.

No período 2015-2018:


 **27%** o número de persoas pasaxeiras de transporte portuario fundamentalmente polo aumento dos cruceiros que fan escala na cidade.

 **20%** o número de persoas pasaxeiras no Aeroporto de Alvedro.

 **3%** o número de persoas usuarias da Estación de autobuses. A pesar desta diminución, o autobús continúa sendo o medio de transporte máis empregado: **4.861.740** persoas pasaxeiras no 2018.


Non están dispoñibles os datos do número de persoas pasaxeiras do 2018 na Estación de tren, pero entre 2015 e 2017 o número de persoas pasaxeiras incrementouse un **11%**.

MOBILIDADE URBANA




Os perfís das Tarxetas Millennium cun maior número de persoas usuarias son o **“xeral”** con 192.867 (115.129 mulleres e 77.738 homes), **“desempregado”** con 7.096 (4.623 mulleres e 2.473 homes), **“menores de 13 anos”** con 5.432 (2.739 nenas e 2.693 nenos) e **“escolar”** con 5.109 (2.557 nenas e 2.552 nenos).

O perfil “menores de 13 anos” fai referencia á recente categoría que se iniciou o 1 de febreiro de 2019, que lle permite á mocidade menor de 13 anos viaxar de balde.



En total hai 552 licenzas de taxi, das cales o 15% pertencen a mulleres e o 85% a homes. Este é un exemplo máis da masculinización deste sector.

CULTURA: BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DA CORUÑA




No período 2015-2018:

↑ **19%** socias (mulleres e nenas)

↑ **18%** socios (homes e nenos)

En todos os anos é maior o número de mulleres e nenas que de homes e nenos. No último ano, o **58%** do total de persoas socias eran mulleres e nenas, mentres que o **42%** eran homes e nenos.



Destaca o número de socias mulleres. No 2018:



50% das persoas socias eran mulleres adultas (47.727)

35% das persoas socias eran homes adultos (33.759)

8% das persoas socias eran nenas de 0 a 14 anos (7.428)

7% das persoas socias eran nenos de 0 a 14 anos (6.998)

CULTURA: PROGRAMAS DE OCIO NO FÓRUM




Nos programas ocio do Fórum destaca a participación nas actividades de **“Cidade e arquitectura”** (21% en primavera, 17% en outono), **“Historia e arte”** (16% en primavera, 17% en outono), **“Literatura”** (13% en primavera, 9% en outono), **“Cine”** (11% en primavera, 16% en outono) e a **“Oferta específica para persoas maiores de 70 anos”** (9% en primavera, 7% en outono).

En todas as actividades é maior a presenza das mulleres, excepto nas actividades de oferta específica para nenas e nenos, e menores de 35 anos onde ambos os sexos están equilibrados.

A maior presenza feminina encóntrase en **“Creatividade manual”** (94% en primavera, 97% en outono), **“Monográfico”** (93% en primavera e 91% en outono), **“Mindfulness”** (90% en primavera e 82% en outono) e **“Historia e arte”** (83% en primavera e 87% en outono).


CULTURA: PROGRAMAS DE OCIO NO ÁGORA



Nos programas de ocio do Ágora destaca a participación nas actividades de **“Cociña”** (17% en primavera e 15% en outono) **“Cidade e contorna”** (10% en primavera e 11% en outono), **“Actividade motriz”** (10% en primavera e 11% en outono), e **“Oferta específica para maiores de 65 anos”** (13% en primavera e 10% en outono).

De novo a presenza das mulleres é meirande en todas as actividades. A maior presenza feminina encontrámola en **“Actividade motriz”** (94% en primavera e 94% en outono), **“Creatividade manual”** (92% en primavera e 94% en outono), **“Monográfico”** (88% en primavera e 83% en outono), **“Mindfulness”** (76% en primavera e 83% en outono) e **“Oferta específica para nenas e nenos”** (83% en primavera e 77% en outono).

CULTURA: MUSEOS DA CORUÑA




Os museos que recibiron en 2018 un maior número de visitas foron o **Aquarium Finisterrae** (187.705), a **Torre de Hércules** (126.076), **Casa do Home** (96.724), **Museo de Arte Contemporánea** (90.444), **Casa das Ciencias** (84.817) e o **Castelo de Santo Antón** (72.955).

O número de visitas ao Museo de Arte Contemporánea incrementouse un 50% con respecto ao ano anterior debido ao seu inminente peche.

Non se pode realizar unha análise en función do sexo porque os datos referidos ao número de visitas non se recollen desagregados por sexo.

DEPORTES: PARTICIPANTES EN ACTIVIDADES DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS




As actividades cun maior número de participación entre as persoas maiores de 18 anos son **“Mantemento 18-64”** (23%), **“Mantemento +65”** (23%) e **“Natación +65”** (20%). En todas as actividades é meirande a participación das mulleres; destacan **“GAP e BAL”** e **“Pilates 18-65”**, onde hai un 97% máis de mulleres.

Con respecto ás actividades para menores de 18 anos, as que contan con maior participación son **“Natación 12-17”** (17%), **“Natación 9-11”** (17%) e **“Natación 6-8”** (14%). A presenza das nenas é maior en **“Ximnasia”** (de todas as idades) e **“Patinaxe 12-17”** onde non hai ningún neno; **“Patinaxe 9-12”** onde hai un 95% máis de nenas e **“Patinaxe 6-8”** onde hai un 87% máis de nenas. Por outra banda, o número de nenos é maior en **“Aikido 9-11”** (94% máis de nenos), **“Minitenis 6-8”** (85% máis de nenos), **“Aikido 6-8”** (73% máis de nenos), **“Esgrima 12-17”** (60% máis de nenos) e **“Tenis 12-17”** (58% máis de nenos). Estas diferenzas entre sexos débense aos estereotipos de xénero que están socialmente vinculados ás diferentes actividades.

DEPORTES: CAMPO MUNICIPAL DE GOLF TORRE DE HÉRCULES

Persoas abonadas do Campo Municipal de Golf Torre de Hércules no 2018




Fonte: Concello da Coruña. Área de Cultura, Deportes e Coñecemento

No 2018 estaban abonadas no Campo Municipal de Golf Torre de Hércules **1.032** persoas (353 mulleres e 679 homes), o que supón que o 34% son mulleres e o 66% homes.

Os cursos municipais do Campo de Golf están dirixidos a dous grupos de idade diferentes, persoas de entre 6 e 16 anos, e maiores de 16. Ademais ofrecen dous niveis: “Iniciación” e “Nivel medio/perfeccionamento” en ambos os grupos de idade.


O número de homes inscritos é maior có de mulleres en todos os niveis e idades. Destaca a diferenza no curso de “nivel medio/perfeccionamento (entre 6 e 16 anos)” onde o **80%** son nenos e o **20%** nenas.

Persoas inscritas en cursos municipais do Campo de Golf Torre de Hércules no 2018





Fonte: Concello da Coruña. Área de Cultura, Deportes e Coñecemento.

ATENCIÓN A GRUPOS POBOACIONAIS ESPECÍFICOS: CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM)




O **CIM** é un recurso que articula unha intervención global dirixida ás mulleres, proporciona asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.


Dende 2015 aumentou en 157 o número de persoas usuarias dalgún servizo do CIM. No período 2015-2018:



No período 2015-2018:



ATENCIÓN A GRUPOS POBOACIONAIS ESPECÍFICOS: ATENPRO DO CIM, CAM E PITVA



ATENPRO é un servizo telefónico de atención e protección para mulleres vítimas de violencia de xénero, que lles proporciona ás mulleres (de ser o caso: fillas/os) un terminal telefónico que lles permite entrar en contacto (de modo inmediato e a distancia) con persoal cualificado que dará resposta ás súas necesidades.

O número de mulleres usuarias aumentou progresivamente ao longo dos anos e destaca o incremento entre 2017 e 2018 que foi dun **48%**.

Isto pódese deber a un maior coñecemento do Centro de Información ás Mulleres, unha maior demanda de atención das mulleres que sofren violencia de xénero e maior número de derivacións, tanto por parte das propias profesionais do centro para que se tramite o Atenpro como por outras institucións tales como a Policía Nacional.

A **Casa de Acolida ás Mulleres** vítimas de violencia de xénero (**CAM**) ten capacidade para acoller a 19 persoas simultaneamente –mulleres e fillas/os en situación de violencia de xénero-. Desde a CAM realízase un primeiro nivel de intervención de emerxencia, con servizos de atención durante os 365 días do ano, en réxime de aloxamento e manutención.


No 2018 o número de persoas que residiron ao longo do ano na CAM foi de **56**, das cales 35 eran mulleres, 10 nenas e 11 nenos.

Os **Pisos de Transición á Vida Autónoma (PITVA)** teñen capacidade para acoller a 11 persoas simultaneamente -mulleres e fillas/os-. Os PITVA representan un segundo nivel de intervención. Neles as mulleres son responsables xa da xestión da vida cotiá, como parte do proceso de transición a unha vida autónoma; polo tanto, aínda que tamén en réxime de aloxamento completo, xa non se require o servizo continuo de atención persoal directo, senón apoio aos procesos de empoderamento persoal das mulleres e fillas/os.

No 2018 o número de persoas que residiron ao longo do ano nos PITVA foi de **14**, das cales 6 eran mulleres, 2 nenas e 6 nenos.

ATENCIÓN A GRUPOS POBOACIONAIS ESPECÍFICOS: CENTRO DE PLANIFICACIÓN FAMILIAR (COF)

**Persoas usuarias do Centro de Planificación Familiar (COF).
Evolución 2015-2018**



Fonte: Concello da Coruña. Área de Igualdade e Diversidade

O **COF** ofrece un servizo de información e asesoramento afectivo sexual nun clima de liberdade e respecto, onde as persoas poden informarse para mellorar a súa sexualidade e afectividade, para a prevención de infeccións de transmisión sexual ou para a interrupción voluntaria do embarazo...


No período 2015-2018:

↑ **5%** o número de persoas que acoden ao COF por primeira vez.

↑ **26%** o número de mulleres que demandan interrupción voluntaria de embarazo.

↓ **8%** o número de mulleres atendidas por revisión xinecolóxica despois da interrupción voluntaria do embarazo.

Persoas que acoden por primeira vez ao Centro de Planificación Familiar (COF). Evolución 2015-2018



Fonte: Concello da Coruña. Área de Igualdade e Diversidade

Nos anos analizados, a maior parte das persoas que acoden por primeira vez ao COF son mulleres.

No período 2015-2018:


↑ **3%** o número de mulleres que acoden ao COF por primeira vez.

↑ **41%** o número de homes que acoden ao COF por primeira vez.

No 2018 o **93%** eran mulleres, o **7%** eran homes e o **1%** transexuais. Cómpre resaltar que é o primeiro ano en que se contabilizan as persoas transexuais.


PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Persoas participantes en encontros abertos do goberno municipal coa veciñanza, "Dillo Ti", no 2018



Fonte: Concello da Coruña. Área de Participación e Innovación Democrática

Persoas participantes no programa de orzamentos participativos no 2018.




Fonte: Concello da Coruña. Área de Participación e Innovación Democrática

O Concello da Coruña, a través da Concellería de Participación e Innovación Democrática, organizou durante o ano 2018 un total de **11 encontros abertos** do programa **Dillo Ti**. Este consiste nun espazo de comunicación directa entre o alcalde, o equipo de goberno e a veciñanza. En total asistiron **660** persoas no 2018.

O programa de **Orzamentos Participativos** é unha ferramenta para que os veciños e as veciñas decidan de maneira directa en que empregar unha parte do orzamento do Concello. Participaron de forma efectiva **3.059** persoas no 2018.


A **Escola de Participación** é un programa de apoio ás entidades e aos colectivos informais da cidade, consiste nun espazo de formación e aprendizaxe de carácter gratuito, que tivo lugar entre os meses de setembro e decembro, en diferentes espazos da cidade. Participaron **113** persoas en 2018.

Persoas participantes na Escola de Participación no 2018



Fonte: Concello da Coruña. Área de Participación e Innovación Democrática

PERSOAL MUNICIPAL




En febreiro de 2019, traballan no Concello da Coruña 1.536 persoas, 699 mulleres (45,5%) e 837 homes (54,5%). Continúan incorporándose máis mulleres, tanto na estrutura xeral como nos postos de dirección.


Na estrutura xeral do persoal municipal o incremento no período 2016-2019 foi de 20 persoas (1,3%). A variación por sexo é de 55 mulleres, un 8,5% máis, e 35 homes menos (-4%).

Na actualidade, as mulleres superan o 50% nos postos de maior cualificación, grupos A1 e A2, e tamén nos postos de dirección e xefaturas. O incremento de mulleres no período 2016-2019 en postos directivos foi dun 11% e no conxunto de todo o persoal municipal un 8%.


No ano 2019 hai 175 postos directivos nos diferentes niveis de xefaturas. Na distribución actual as mulleres acadan o 58%, mentres que no ano 2016 eran 54%. Incrementouse progresivamente a súa porcentaxe nos últimos catro anos.

De feito, neste período hai 7 xefaturas máis (4,2%) e a variación tradúcese nun aumento de 10 mulleres (11%) e 3 homes menos (-3,9%).





Outra característica da estrutura da organización municipal é a clasificación por grupos, que se corresponden co nivel de titulación académica de acceso á praza laboral. O grupo maioritario é o grupo C1 con 447 persoas, das que o 74% son homes, pois nel encóntranse moitos postos da Policía Local. O segundo grupo maior é o C2, con 393 persoas, máis equilibrado por sexo, xa que ademais de bombeiros están neste grupo auxiliares e asistentes de administración. Os grupos A1 e A2 son postos técnicos de titulación universitaria, mentres que a corporación municipal e o persoal eventual están vinculados, principalmente, ao goberno municipal. Nos últimos tres anos aumentaron os postos nos grupos técnicos, A1 con 19 mulleres e ningún home; e no A2 con 33 homes e 10 mulleres. Nos grupos C1 e no C2 reducíronse (-41), na maioría homes.



O nivel é unha clasificación que atende á posición xerárquica entre os diferentes postos de traballo dunha unidade organizativa. O predominio de homes que se advirte no gráfico, no nivel 16, reflicte os grupos nos que os homes constitúen a gran maioría. No nivel 16, o que máis sobresaie, débese a que inclúen Policía Local e servizo de extinción de incendios.

Á marxe desta clasificación, e atendendo ás unidades organizativas, teríamos outros grupos nos que se reflicten as diferenzas notables por sexo: a modo de exemplo, a maioría de homes na Banda de Música municipal, nas agrupacións profesionais, Innovación de desenvolvemento tecnolóxico, Informática e instalacións deportivas. Mentres que a maior presenza de mulleres está en Xustiza social e coidados, Bibliotecas, Contratación, Igualdade e Educación.

PERMISOS E LICENZAS PARA A CONCILIACIÓN FAMILIAR

No ano 2018 houbo un total de 79 permisos ou licenzas ao persoal do concello para facilitar a conciliación familiar. Deles, a metade corresponden a paternidade (18) e maternidade (19), repartidos de xeito equilibrado entre homes e mulleres.

Outros permisos foron os de redución de xornada para coidado dun/dunha fillo/a ou persoa a cargo (15) ou excedencias pola mesma razón (3) en ambos os casos solicitados todos por mulleres. No caso dos permisos por lactación acumulada ou crédito horario hai 12 mulleres e un home, mentres que nos permisos por enfermidade grave a distribución é similar por sexo.

Así, o 68% dos permisos corresponden a mulleres e foron solicitados por responsabilidades e coidados familiares.

Nestes anos reducíronse os permisos ou licenzas, pasaron de 115 no ano 2016 a 79 no 2018.

